



Xuntamos recomendacións de medidas extraordinarias en relación coa situación provocada polo novo coronavirus Covid-19, remitidas polo Ministerio de Sanidad.

Entre as mesmas recóllense varias delas referidas á organización de eventos deportivos nos que participen equipos orixenarios de zonas declaradas como de risco de transmisión da enfermidade COVID-19 que, neste momento, son: Italia (rexión de Lombardía, Véneto, Emilia Romaña e Piemonte), China (todas as provincias incluíndo Hong Kong e Macao), Corea del Sur, Xapón, Singapur e Irán.

Nestas recomendacións expónse que os eventos de categoría de competición profesional no que se espera unha alta presenza de aficionados que proveñan de zonas de risco se desenvolvan sen público.

Pola súa parte en competicións non profesionais e que carezan de implicación clasificatoria, nas que participen equipos que proveñan de zonas de risco, recomendaríase o seu aprazamento ou suspensión.

Entre as recomendacións indicar que existe tamén unha referida a competicións, de categoría profesional ou non profesional, que estean implicadas en procesos de clasificación ou rankings internacionais e que teñan un impacto moi reducido en aficionados ou participantes que proveñan desas zonas de risco. Nese caso a recomendación de celebración quedaría condicionada a que se poidan identificar os participantes de zonas de risco, de xeito persoal, para garantir un seguimento adecuado en caso de necesidade e que se tomen as medidas de información e prevención para reducir os contactos co resto de público ou participantes, circunstancia que debería levar a cabo a entidade organizadora.

Por tal motivo entendemos que sería adecuado que trasladaran a todas as federacións deportivas as recomendacións citadas do Ministerio de Sanidad, co obxecto de identificar si existe algún suposto que encaixe nalgún dos anteriores e poder actuar en consecuencia, quedando dispoñibles para facilitarlles calquera dúbida ou aclaración que precisen.





Do mesmo xeito xuntamos as recomendacións do Ministerio de Sanidad de non viaxar a esas zonas de risco a non ser que sexa estritamente necesario.

Por último, indicar que achegamos a este texto información sobre medidas e recomendacións de prevención ante o virus COVID-19 que agradeceríamos, do mesmo xeito, distribúan entre federacións, clubs deportivos,... para facilitar o seu coñecemento.

Reciban un cordial saúdo

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo  
Xerente do Servizo Galego de Saúde

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2020



Sr José Ramón Lete Lasa  
Secretario Xeral para o Deporte

